



Coa entrada en funcionamento da Axencia Tributaria de Galicia, centralizouse a xestión de, entre outros tributos, as taxas sobre o xogo, sendo o órgano competente para a xestión o Departamento de Tributos de Xestión Centralizada, dependente da Área de Xestión Tributaria con sede da Axencia Tributaria de Galicia, en Santiago de Compostela

Para utilizar a oficina virtual tributaria para a presentación das autoliquidacións (modelos 045) de todas as máquinas en situación de alta o 1 de xaneiro de 2013 e con posterioridade a esta data, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o arquivo a que fai referencia a orde da consellería de facenda, do 30 de decembro de 2003, terá as seguintes especificacións técnicas:

Especificacións técnicas do arquivo para a presentación e o pagamento telemático da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo

- O formato do arquivo será:
 - Nome do arquivo: MAQUINAS
 - Extensión do arquivo: TXT.
 - Rexistros no arquivo: un por cada máquina da empresa operadora (EO).

- O formato do rexistro será:
 - NIF: Alfa (9) NIF da EO.
 - Código empresa: alfa (6) código da EO.
 - Numero autorización: alfa (6) número de autorización da máquina.
 - Estado: Alfa (1) estado da máquina (A-alta, Baixa, N-non ingresa).
 - Delegación: número (2) código da delegación correspondente.
 - Tipo máquina: alfa (1) tipo da máquina (E, S, B, P, O ou C).
 - Número xogadores: número (2) número de xogadores da máquina.
 - Prezo de partida: número (3 enteiros, dous decimais) prezo autorizado para a partida.



* Os estados son:

- A: autorización en alta que a empresa desexa autoliquidar de forma telemática.
- B: autorización para a que a empresa solicitou a baixa provisional e que polo tanto non se autoliquida.
- N: autorización en alta que a empresa non desexa autoliquidar de forma telemática, porque xa o fixo ou porque o fará de forma manual na delegación.

* O código de delegación é:

- 79 Servizos centrais/Departamento de Tributos de Xestión Centralizada

* Os tipos de máquina son:

- E: máquinas tipo A especial con valor do premio non superior a 40€.
- S: máquinas tipo A especial con valor do premio superior a 40€.
- B: máquinas tipo B.
- P: máquinas tipo B especial.
- C: máquinas tipo C.
- O: Outro tipo de máquinas.